

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa Convocatoria do día sete deste mes de **novembro**, o próximo **martes, día 19 de novembro de 2024**, celébrase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do C.P.I. Plurilingüe de VEDRA.

Neste proceso elixirase **1** representante de nais/pais/titores legais para completar os representantes deste sector. A Xunta Electoral acordou establecer como horario de votación o **período entre as 13:30 e as 17:30 h.**

Para participar na referida votación procederase da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar: Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Neste caso, segundo establece a normativa **poden votar ambos os dous, pai e nai.**

2º.- Candidatos/as: Os candidatos/as proclamados pola Xunta electoral para o sector de pais/nais son os seguintes, ordenados por orde alfabética dos apelidos:

- **BARROS ARAÚJO, Manuel**
- **DOCAMPO SANROMÁN, Concepción**
- **FREIJEIRO GONZÁLEZ, José Carlos**
- **MIRÁS BELLO, Carlos David**

3º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non se pode delegar. Cada elector deberá acreditar a súa identidade, no momento de votar, mediante a **presentación do D.N.I.** ou documento similar.
- b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os fixados pola Xunta Electoral, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabética de apelidos, e cada elector **deberá marcar cunha cruz un máximo de 1 nome** das candidatas ou candidatos relacionados.
- d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección do CPI Plurilingüe de Vedra **anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo martes, día 19 de novembro, de 13:30 a 17:30 horas**, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Vedra, 12 de novembro de 2024

O DIRECTOR DO CENTRO,

